

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2017 pola que se dá publicidade á resolución de concesión do Programa de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas.*

Mediante Resolución do 7 de xullo de 2017 (DOG núm. 137, do 19 de xullo), publicáronse as bases reguladoras do Programa de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2017 en réxime de concorrencia competitiva.

As ditas bases establecen no seu artigo 10.6 que a resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es), ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da resolución definitiva con data do 19 de decembro de 2017 de concesión do Programa de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas, no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (punto “Consulta de resolucións definitivas” <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>). O texto completo da resolución non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. A resolución con data do 19 de decembro de 2017 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2017

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

